

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE ORDENACIÓN
DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS DE DATA 21 DE
MAIO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e un de maio de dous mil oito, reúnen-se en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asisten, como persoal da corporación para efectos informativos, don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro municipal, e dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

Actúa como secretaria dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examínouse o único asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1º Proposta da concellería delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de aprobación do proxecto “Mellora da seguridade vial da CP 0102 de Lema a Orto pk. 0+000 ao pk. 2+600. Cambre”, remitido pola Deputación Provincial da Coruña para a súa inclusión no Plan de travesías provinciais 2008-2011

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 16 de maio actual.

Aberto debate, concédese a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, e expón que na proposta da concelleira se propón aprobar o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños don José P. Gosende Tuñas e non se di nada respecto dos condicionantes que constan no informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal de data 9 de maio actual.

O enxeñeiro de camiños municipal manifesta que as salvedades a que fai referencia no seu informe non implican que non se poida aprobar o proxecto presentado, dado que se trata de pequenas modificacións que se poden levar a cabo durante a execución do proxecto e que son de escasa entidade, polo que pode aprobarse o proxecto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, non obstante, deberíase facer constar no propio acordo do pleno que se remita á Deputación Provincial, que se aproba o proxecto, pero que tamén se solicita que se teñan en conta os condicionantes que constan no informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal.

O Sr. presidente á vista do manifestado, propón modificar o punto primeiro da parte dispositiva da proposta para recoller que se teña en conta o informe do técnico municipal, proposta que é aceptada por todos os concelleiros que compoñen a comisión.

A continuación, concédese a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), e alude a que no informe do arquitecto municipal se fai constar que para a execución do proxecto é preceptiva a autorización de Augas de Galicia e tamén da Consellería de Medio Ambiente, e estas autorizacións xa deberían de estar no expediente.

O Sr. presidente dá por concluído o debate, e somete a votación ordinaria a proposta coa modificación do punto primeiro da parte dispositiva para recoller que se teña en conta o informe do técnico municipal. Votan a prol os cinco concelleiros que compoñen a comisión informativa.

A comisión, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo para o pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Mellora da seguridade vial da CP 0102 de Lema a Orto Pk. 0+000 ao Pk. 2+600. Cambre”, redactado polo enxeñeiro de camiños don José P. Gosende Tuñas, cun orzamento de execución por contrata de 363.157,00 euros, e solicitar que, non obstante, se teñan tamén en conta os condicionantes que constan no informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal de data 9 de maio actual.

Segundo: Autorizar á Excma. Deputación da Coruña para executar as obras, que constan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

Terceiro: Declarar a conformidade do Concello de Cambre coas Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do plan de travesías provinciais 2008-2011, publicadas no BOP 57 de 8 de marzo de 2008.

Cuarto: Declarar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto, que segundo o disposto no seu Punto 7. “Expropiacións e servizos afectados” do proxecto, xa son de titularidade da Excma. Deputación da Coruña, obtidos no seu día ao executar o Proxecto denominado “Ampliación e mellora do trazado na CP. 0102 de Lema a Orto (Cod. da obra: 011110005.0),

Quinto: Comprometerse o concello a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Excma. Deputación da Coruña, asumindo desde entón os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

Sexto: Delegar no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio que se subscriba entre a Excma. Deputación da Coruña e o Concello de Cambre, en desenvolvemento das bases publicadas no BOP 57, de 8 de marzo de 2008.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as dezanove horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia